AS - II BIENAL D ARTISTAS GALEG

AS - II BIENAL D ARTISTAS GALEG



# FICHA TECNICA

**ORGANIZAN**

ALECRIN
(Grupo de estudios sobre a condición da muller)

CONCELLO DE VIGO

**COMISARIA DA EXPOSICION**

CUQUI PIÑEIRO ALVAREZ
(Deseño, maquetación e selección de textos)

**COORDINACION XERAL**

Mª LUISA SOBRINO MANZANARES
(Compromisaria obra plástica)

MARGARITA LEDO ANDION
(Compromisaria obra fotográfica)

**COLABORACION**

ESPERANZA GONZALEZ DO NASCIMENTO
CARMEN BLANCO
MAKAMEN BLANCO GRACIA
ROSA LOPEZ BURILLO

**TRADUCCION**

IRENE PEREZ PINTOS

**FOTOCOMPOSICION E IMPRESION**

GRAFOL, S.A.

DEPOSITO L. VG. 64/90

# II BIENAL DE ARTISTAS GALEGAS

ANTIGO EDIFICIO BANCO DE ESPAÑA

( DO 29 DE MARZO ó 30 DE ABRIL )

VIGO - 1990

**AGRADECEMENTOS**

MARIA FALAGAN

CRISTINA BARRERAS VAZQUEZ

DANIEL ALBARIÑO

GALERIA SARGADELOS. SANTIAGO DE COMPOSTELA

GALERIA TRINTA. SANTIAGO DE COMPOSTELA

PEDRO VASCO

XOSE LUIS SUAREZ CANAL

ANGEL CERVIÑO

PHOTUM

**PRESTAMOS**

MUSEO PROVINCIAL. LUGO

MUSEO CARLOS MASIDE. SADA

COLECCION CAIXA VIGO. VIGO

ANA MIGUEZ. VIGO

ROMAN PEREIRO. VIGO

FERNANDO SANCHEZ. MADRID

J. BLANCO FONDEVILA - S. SANTOS PEREZ. SANTIAGO DE COMPOSTELA

AGRADECEMOS MOI ESPECIALMENTE
A TODALAS ARTISTAS QUE FIXERON POSIBLE
COA SUA PARTICIPACION E ESFORZO PERSOAL
ESTA EXPOSICION.

# PRESENTACION

## *ARTISTA ESCRIBESE CON "A"*

*No contexto dunha linguaxe onde prevalece o xénero masculino por riba do feminino, ficaron algunhas verbas que -de xeito residual- mantiveron o xénero citado en segundo lugar.*

*Velaí como, outravolta, a excepción confirmou a régula predominante que atribúe ós varóns a capacidade para traballar en cáseque tódolos eidos posibeis. As ponlas da árbore da sabiduría e da criación, noustante, resultaron ser femininas: a Arte, a Literatura, a Música. O mesmo acontece con algúns dos principios e valores recoñecidos como fundamentais pola nosa sociedade: a Paz, a Liberdade, a Xusticia, a Solidaridade ...*

*Deste xeito, algunhas veces podemos falar en feminino sen incurrir en erros gramaticais ou sen termos que duplicar o plural para que consten os dous xéneros. Digo eu que haberá que aproveitar esta situación.*

*Tal é o caso da Bienal que aqui presentamos. O seu título non ofrece dúbida: "II Bienal de Artistas Galeg as". Mália a todo, esa denominación tivo os seus problemas; na documentación que se foi elaborando para a súa posta en pé, adoitaba producirse a inevitable confusión e no mecanografiado, na impresión, e mesmo na lectura apresurada, todo o mundo remataba por dicir "galegos" en troques de "galegas", como se o normal ó falar dunha Exposición e dun encontro de artistas, fora, ó cabo, referila ós homes, ou como moito, a unha actividade mixta.*

*Non sei se este é o lugar máis axeitado para facer a necesaria reflexión pero coido que ningún medio nen ningún veículo poden ser iñocentes nesta cuestión.*

*Nada hai mais revelador que a forza do costume. Esa é a zona mais difícil de analizar e de transgredir. O rutinario, o socialmente asumido, o que nos ven dado polo prolongado exercicio dunha actitude, é o menos doado de rachar. Por iso, aínda lle soa mal a moita xente cando escoitan falar de "xuezas", de "arquitectas", de "médicas", ou, en sentido contrario, de amos de casa.*

*Pero este cambio de actitudes forma parte imparable e fundamental do pro-*

*ceso de transformación social que está supoñendo a incorporación das mulleres a tódalas esferas da vida pública. A permanencia secular das mulleres no ámbito do privado, é dicir, da familia, dificulta o recoñecemento que nós mesmas podemos facer como suxeitos activos dun papel máis amplo na sociedade.*

*A pintura, a escultura, a fotografía, son camiños aínda pouco andados polas mulleres. Non existen artistas mulleres na Historia da nosa cultura. Do mesmo xeito que non existen nomes femininos na creación musical, na investigación, na política ou na literatura, agás cativas excepcións que -como sempre- viñeron confirma-la régula imperante.*

*Agora ese proceso histórico estase crebando. Cada vez son máis as mulleres que ven no exercicio da arte unha forma de expresión para a que se sinten perfectamente capacitadas e a traverso da que comunicar pensamentos, ideas e sentimentos.*

*Se cadra, esta II Bienal, vai servir para poñer de manifesto a forza e o pulo do traballo artístico das mulleres na Galicia de hoxe. Dende unha "precursora" como Maruja Mallo, pasando pola xeración intermedia onde agromaron os nomes de Mercedes Ruibal, Elena Colmeiro, Mª Victoria de La Fuente, Mª Antonia Dans, Elena Gago ou Dolores Padín, ata chegar ás "novísimas", estan presentes nesta mostra unha manchea de mulleres que se enfrentan decotío co reto do pincel e da tea, do obxectivo da cámara fotográfica, ou do material a esculpir, para dicirnos cousas dende a súa forma peculiar de ve-la vida; dende o seu miradoiro de mulleres que procuran un lugar e unha voz.*

*Tódalas que están, o son. O mellor algunha que tamén o é, non esta. Pode non ser unha mostra exhaustiva, pero si representativa, dun momento, dun país, e dun colectivo emerxente.*

*O feito de que con esta exposición inauguremos unhas novas instalacións culturais para o Concello, tampouco é casual. Queremos así dar idea da importancia que ten o traballo a prol da muller, e neste caso, conxuntamente, a prol da cultura. Son xa dúas opcións que non deixaran de camiñar xuntas no futuro ■*

*Vigo, 29 de marzo de 1990.*

*María Xosé Porteiro*

*Concellería da Muller.*
*Concellería de Cultura.*

## *SO-AS A PROPOSITO*

*Facer a presentación desta exposición, no propio marco xeográfico e contexto cultural pasa por asumi-la experiencia da "1ª Exposición de Artistas Galegas" do ano 1987. A convocatoria, cunha diversa representación de creacións en pintura, escultura, cerámica, gravado, debuxo e textil, tivo como resultado a participación dun amplísimo número de artistas que tiñan como coincidencia o ser mulleres.*

*Quizás esto poida parecer un feble motivo pero no seu momento levantou ampolas e -nalgúns casos bochas bastante grandes- que non viñeron provocadas precisamente polos posibles erros cometidos na organización ou falta de criterio, senón máis ben fundamentadas na mesma intencionalidade do proxecto (non ven ó caso facer unha declaración de principios, pero pode que repeti-la experiencia sirva para aclara-las ideas ós máis dubidosos).*

*O analiza-la historia a través do regulamento masculino, pensamento, moral, costume e ideas, vémonos na obriga de entendela co punto de parcialidade que pesa sobre os milenios de convivencia compartida. Xustificando a trasnoitada consideración histórica dun "destino" feminino un tan insípido e aburrido, cabe interpreta-las inevitables ausencias. Sen ter en conta as esixencias prosaicas que marca unha sociedade "desnivelada", dificilmente podemos xera-las posibilidades de desenrolo que favorezan o equilibrio.*

*A mobilidade que nas actividades sociais está a exerce-la muller, como modificadora de cambios estructurais importantes, é froito -hoxe- dunha propia identidade e intervención social chea de alternativas; cando menos o debate se establece abertamente. Precisamente nesta ocasión, o apoio institucional a unha iniciativa particular, presenta, ou así o debería, un precedente con claras consideracións sociais.*

*Se antes era só a posibilidade de facer o que nos deixaban ou podiamos, agora sentese a necesidade de poñer en práctica o que queremos. Para chegar a esta conclusión creo que abonda con ofrecer algo que resultará tamén moi parcial, pero globalmente máis completo e xusto: Ideas propias.*

*E a propósito de ideas, xorde esta segunda exposición. A este respecto matizo exposición de artistas, non de mulleres, pois, a pesar de que a linguaxe determina neste caso en feminino (e creo que está ben explícito no deseño desta mostra), a rutina xoga tan mala pasada que te ves na obriga de aclarar ou "evitar" equívocos diferenciando artistas de "artistos".*

*A falta de recursos cos que contou a primeira exposición, habería que engadirlle as precariedades de diversa índole na segunda, aínda que estes exemplos serven só como modelo para amplia-los esforzos nunha terceira. ... e presupoño que así sucesivamente.*

*Nesta nova edición, co título de II BIENAL DE ARTISTAS GALEGAS ofrécese como tema de reflexión unha breve historia exemplarizada en tres propostas cronolóxicas:*

*A primeira delas, vai destinada a unha figura cunha relevancia artística e vital moi pouco estudiada.*

*A personalidade de Maruja Mallo, adornada con calificativos como "niña terrible" e "bruja joven", ten o privilexio de compartir un espacio vivencial en camaradería cunha importante xeración; a de artistas e intelectuais que mobilizarían coa súa forza e creatividade as tristes e herméticas primeiras páxinas culturais do noso século.*

*Asociada ás noites madrileñas e por suposto ó escándalo, disfruta da súa mocidade respirando a vida do mesmo xeito que a fantasía nas súas verbenas. Esta disposición imaxinativa e, por outra banda, provocadora, inspíralle solucións creativas novas e singulares. Tanto no lenzo coma nos seus traballos en debuxo, cerámica, escenografía, deseño ou viñetas de ilustración, establece unha traxectoria marcada pola orixinalidade -expansiva e vital- que contrasta coas dificultades que unha vez iniciada a guerra civil tivo, como outros moitos, que soportar.*

*Os pasos dados para poder facer realidade esta Homenaxe a Maruja Mallo, tiveron como inconveniente, sobre todo si falamos dende Galicia, a escasez de obra, dispersa ou inaccesible e a falta de información. Dificultades que engadidas ó descoñecemento que aínda hoxe o público xeral ten sobre a artista, supuñan un maior empeño en darlle un claro protagonismo.*

*O que aquí se ofrece, pois, non é máis que o recoñecemento -obrigado- a unha artista representativa das vangardas históricas, a reivindicación elemental dunha muller esquecida pola nosa historia e o que é máis importante, a partir desta presentación, unha modesta pero decidida sinalización á nosa memoria.*

*Entrar nas décadas dos 60-70 obriga a situarnos nun contexto complexo de diferencias artísticas e xeneracionais.*

*As artistas máis significadas deste período de transición caracterízanse preci-*

*samente -e refírome ás pintoras- pola opción figurativa nas súas vertientes como fenómeno característico. Dende un punto de partida influenciado polos lazos culturais en Mª Antonia Dans e Mercedes Ruibal (con valores cromáticos e expresionistas moi personais) a un sentido máis globalizador; aberto a tipos de expresión sensible que dentro dos realismos europeos xogan Elena Gago, Victoria de La Fuente e Dolores Padín, na súa orientación cotidiá, intimista, neofigurativa ou simbolista.*

*Quizás no campo escultórico ou propiamente cerámico, como ela mesma gusta de definir, permita abrir a súa única representante, Elena Colmeiro, posibilidades de creación na máis absoluta das libertades.*

*Todas elas, nun sentido ou noutro, ofrecen a súa particular maneira de ve-lo mundo e interpreta-la realidade. Unha visión persoal e xeito de mirar desprovisto de todo mito ou retórica, introducíndose na plástica conscientes da súa individualidade. Ofrecéndonos, en definitiva, coa súa presencia, unha representación moi cualificada nas artes contemporáneas.*

*E finalmente o bloque de alternativas das experiencias actuais.*

*A muller, coa súa intervención multiplicou notablemente as posibilidades de ver e crear arte. Ademais de dar un salto cualitativo importante, amplía as actitudes ante o fenómeno artístico e as variantes psicolóxicas, intelectuais e emocionais que fixeron da arte de hoxe o que é. O reto que supón para a muller expoñe-lo seu proxecto creativo pasa inevitablemente por superar condicionantes locais ou nacionais no camiño dunha proposta mais universal.*

*Novos artistas rexeitan hoxe os teitos restrinxidos dunha única linguaxe. Non existe antagonismo de sexos na creación artística, pero son precisamente as mulleres as que preconizan, invadindo con radicalidade e propios recursos, un novo espacio con tamén novas alternativas de creación.*

*Nunha visión rápida da exposición, pasamos do elemental ó complexo e da pureza ó híbrido en alternancia ou combinación. Quizás sexa pedir demasiado para unha mostra con certos convencionalismos nos modos e formas de execución e con escasos recursos en propostas de innovación. Pero privilexia-la obra máis que á veintena de artistas, non necesariamente representativas, que aquí figuran, ofrece, cando menos, o entendemento do fenómeno artístico baixo un mesmo punto de reflexión: un intencionado propósito de rachar coa idea tradicional -a muller de modelo e inspiración a parte integrante e destacada do fenómeno artístico do noso século-.*

*A sección fotográfica, pola contra, vén a amosar, ademais de propostas artísticas e estéticas, un plantexamento feminino da imaxe. Considerada a irmá pobre doutras moitas disciplinas que acaparan o protagonismo do mundo artístico, non tivo, cando menos ata onte, moito máis respaldo co puramente accesorio ou funcional.*

*A imaxe, sempre subxectiva é hoxe máis que nunca, un elemento manipulable na nosa sociedade, as máis das veces orientado a concepcións moi parciais da realidade.*

*A fotografía, como soporte, vén perpetuando unha tradición segundo a cal a cámara estaba obrigada a apañarse co mundo das cousas e das persoas. A idea, nesta ocasión, vén aproximarse a outra visión da imaxe, a salientar novos enfoques. O desexo de ofrecer, en definitiva, ese desafio a un medio que ten moito que dicir. De feito é un dos medios máis facilmente manipulables dentro das tendencias artísticas; onde cabe engadirlle plantexamentos actuais de subxectividade social á marxe do interese puramente estético. Precisamente por ser unha visión subxectiva, habitualmente masculina e intencional, é a que mellor permite alteralos códigos tradicionais de linguaxe e converterse en alternativa innovadora. Do mesmo xeito que ofrece vías de desenvolvemento dende a extensión conceptual á posible fisicidade da obra fotográfica.*

*Acostumados á elección dunha temática determinada que, de xeito colectivo, reflexase a diversidade de propostas, pasamos a unha visualización individualizada e personalizada. E non é a intención, exclusivamente, de admira-la progresión técnica vertixinosa deste medio. Hai algo máis. Dende un ángulo sempre creativo, pero diferente, enfrentámonos, coido que con optimismo, á interpretación dun campo desprexuizado, nun contexto que como o noso, ten escasez de propostas de innovación.*

*Aquí está presente a evidencia dos propósitos e o que queda por facer. Só me resta agradecer moi sinceiramente a tódalas artistas (bastantes máis das que aquí figuran) e moi especialmente a estas novas creadoras fotógrafas, a súa vontade e entusiasmo neste proxecto.*

*A todas elas moitas gracias.*

*Cuqui Piñeiro Alvarez.*

## *MULLER, FEMINISMO E ARTES PLASTICAS.*

*Aínda que as oríxenes míticas da pintura se representen cunha figura feminina debuxando a sombra do amado que se ausenta, non foron moitas as mulleres que ó longo da historia tiveron unha participación activa na creación plástica, nin houbo grandes mulleres artistas.*

*Sen embargo, plantexa-lo tema da capacidade da muller na práctica das artes ó remate do século XX, paréceme tan irrelevante como cando se estaba a debater en época renacentista se a arte se concebía só como traballo manual ou era unha capacidade do intelecto. Pero quizáis entón, cara ás experiencias plásticas, debeuse, en parte, o triunfo da nova idea de "artista" sobre a de artesán, afastandoa da idea de "xenio", evidentemente, masculina.*

*Paradoxicamente, a presencia da muller como suxeito pasivo da arte, tanto no papel de musa inspiradora dos artistas, como de protagonista das representacións constitúe unha constante ó longo da historia. Como deusa mitolóxica ou alegoría, virxe, nai ou eva pecadora, a muller foi interpretada como símbolo de tódolos rexistros humanos, dende a virtude sublime ata o máis deleznable pecado. Imaxe intercambiable, a muller estivo sometida a diferentes discursos persoais, a intereses distintos, a estilos e formas de sensibilidade e cultura propias sempre dos homes.*

*A presencia activa supuxo, pola contra, un camiño difícil e só aventurado por algunhas que xa dende as pioneiras pintoras do Renacemento tiveron o orgullo de autorretratarse empuñando nas suas mans os pinceis e a paleta de artistas.*

*E a pesares de que se afirme que a Revolución Francesa liberou á muller incorporandoa á vida social cos mesmos dereitos que o home, todavía en plena revolución, un membro da "Sociedade popular e republicana das artes", xustificaba a exclusión das mulleres desta institución, alegando que:*

*"aínda que admitamos que para a nosa satisfacción podamos ser felices cunha muller, incluso con talento artístico, aceptalas no seo da sociedade das artes, significaría ir contra das leis da natureza".*

*Ata non hai moito tempo, a ensinanza da arte nas mulleres quedaba relegada a aspectos tanxenciais da experiencia creativa, contemplada no conxunto dos roles dunha boa educación feminina, pero excluida dos estudios académicos.*

A progresiva incorporación da muller co dereito ó voto, o achegamento ó mundo laboral, científico ou universitario, non supuxo -na mesma medida-, un aumento das actividades productivas nas artes.

As vangardas históricas que a principios do século marcaron a modernidade no mundo da arte, coa excepción dalgunhas artistas relevantes (Blanchard, Morisot, Goncharova, Sonia Delaunay, Sofie Tauber, Kathe Kollwitzz, Frida Khalo ou Maruja Mallo), foron tamén movementos fundamentalmente masculinos. En ocasións, co manifesto desprecio cara á muller como símbolo de conservadurismo, tradición e valores burgueses por execelencia. Marinetti mantén nos seus textos de 1911, a idea dunha intelixencia inferior froito da súa escravitude intelectual e erótica, contradictoria polos valores que representa a idea de progreso, técnica e dinamismo, exaltados na súa poética artística.

En España, por exemplo, en 1925, na Exposición dos Artistas Ibéricos, o primeiro certame colectivo que intentou a sincronía da arte española coa europea, non expuso ningunha muller. E non era o español un caso aillado, senón indicio dunha tónica xeral do conxunto da producción das artes plásticas do seu tempo.

Se consultamo-las historias da arte ata os tempos máis recentes, o vacío artístico feminino é un feito real, e segue a ser, a tenor da escasa participación de mulleres nos certames dos últimos dez anos. Kassel, Bienal de Venecia, as últimas colectivas de París, Nova York, Madrid ou as celebradas en Galicia na década dos oitenta, reflexan porcentaxes mínimas de nomes femininos.

De tal xeito, a obra de mulleres esta ausente nas grandes coleccións e ferias internacionais, sendo escasa a súa presencia nos Museos de calquera parte do mundo.

Examinando todos estes datos, hai que chegar á conclusión de que non houbo, e segue sen haber -ata o momento- , mulleres artistas de abondo, e se as houbera, non tiveron acceso ás grandes exposicións públicas nin un papel significativo na historia da arte. O certo é que aínda son poucas as que superan os circuitos comerciais, de escasa repercusión e influencia, e menos as que traspasaron as barreiras internacionais.

Pero namentras esto está a ocurrir, hai cada vez máis mulleres adicadas profesionalmente a experiencias plásticas, e medra a nómina no censo das Escolas de Belas Artes, ó tempo que algunhas das propostas máis interesantes do panorama plástico actual proceden, precisamente, de artistas femininas.

Frente á cuestión da creatividade artística, está a do contexto das manifestacións públicas da arte: coleccións, feiras, certames, galerías, dirección de publicacións, crítica ... un campo que aparece rexentado cada vez en maior número por presencias femininas. En efecto, a irrupción da muller no comercio, xestión e promoción das artes, asuntos que ata agora, por pouco productivos, foron abandona-

*dos polos homes, amósase, paradoxicamente, como un dos fenómenos máis suliñables no panorama recente das artes plásticas.*

*Sen embargo, en tódalas consideracións que vimos sinalando, a muller tivo que insertarse nas pautas e sistemas de dominio masculino, respostando ás súas demandas, xogando coas regras do seu xogo. Só -dí Linda Nochlin- poderá impoñer un discurso acorde coa súa visión diferente do mundo, creando uns espacios propios alternativos ou integrándose e, dende dentro, cambia-los existentes.*

*Recentemente, son varias as iniciativas que xestionadas por galerías ou editoriais, estan a impulsar neste senso o discurso do novo feminismo, non só dende a práctica (como a Galería Ceres de Nova York), senón no debate teórico (como fai o recentemente editado nº 3 da revista "Eau de Cologne").*

*Plantexase , de novo, dende a perspectiva da arte actual, problemas que xa afloraran convulsivamente na década dos sesenta: feminidade, feminismo e situación da muller. Seguen pendentes as estratexias a seguir -cambios semánticos e apropiación descontextualizada de símbolos masculinos, uso de campos inexplorados polos homes nas tarefas artísticas-; segue pendente a conveniencia ou non, de discurso feminista na arte, e a disxuntiva entre a protección institucional da muller artista, asumindo a súa marxinación nuns sistemas hexemónicos masculinos, ou pola contra, o desexo de camiñar cara o que debería se-la normalidade: é dicir, o recoñecemento da calidade das obras sen previa consideración do sexo do autor, confiando unicamente en que sexan os actos artísticos os que decidan a inclusión das mulleres nos acontecementos públicos do presente.*

*Pero de momento non existe esa desexable normalización de igualdade de oportunidades para as mulleres artistas.*

*Por iso ten sentido a proxección institucional dunha iniciativa como a II BIENAL DE ARTISTAS GALEGAS, que xestionada por un colectivo feminista, ten como argumento a creación dun espacio feminino propio, expresivo da situación actual dos diversos campos da creación en Galicia e plataforma de difusión dunhas obras feitas por artistas galegas.*

*Persoalmente estou en contra das "feminalias" indiscriminadas e, por principio, penso que só deben existir espacios propios cando conteñen propostas sólidas a través da forza intrínseca das experiencias plásticas.*

*Coido que esto estará presente na exposición:*

*"Un fio argumental que abrangue unha homenaxe a Maruja Mallo, pioneira das inquedanzas renovadoras da muller e artista dende os tempos precedentes á guerra civil. Que inclue as obras dalgunhas artistas de xeneracións intermedias, e detense especialmente nas propostas das xeracións máis recentes; nas das novas oleadas de artistas galegas que empezan moitas delas a andaina profesional da arte.*

*Non están todas, pero si as que aquí figuran (a través dos diversos campos de actuación: pintura, escultura, montaxes, fotografía), amosan a súa propia visión do mundo, sinalando as diferencias dunha feminidade que pode significar, xa como conxunto, ou , a nivel individual cara ó futuro, as actuacións máis innovadoras do panorama das artes plásticas* ■

*Mª Luisa Sobrino Manzanares.*

## *VISIONS - MULLER*

*"... The Suffragettes, with their acute consciousness of the effectiveness of dramatic publicity, produced postcards and badges illustrated by photographs made by studio postraitists who supported the cause. For the first time, women controlled and directed their own image in the cause of politics..."*

*Val Williams, Women Photographers: The other Observers, 1900 to the present. Virago, London, 86.*

*Preséntase, nesta Bienal, a obra de nove fotógrafas. ¿Cómo usan, estas nove mulleres, da foto? ¿Por razóns políticas? ¿Persoais? ¿Por razóns comunicativas? ¿Cun albo experimental?. En calquera caso, só por usa-la foto ningunha destas mulleres é inocente. Con elas, por primeira vez, saberemos da práctica da foto de mulleres en Galicia e comprobaremos que o xeito de traballo imperante hoxe é individual, que o achegamento á foto de cada unha delas é isolado do das outras -ó contrario da cita coa que abrimo-lo texto- pero que as razóns do soporte fotográfico como escolla cristalizada é tamén, unha decisión colectiva de luir no lugar da muller no proceso de producción de imaxes e de confronto cos estereotipos de amante, mamai, prostituta, criada.*

*A categoría de identificación das nove é o feito de ser fotógrafas galegas. Hai, pois, un criterio territorial no que admitimos a influencia obxectiva do entorno na expresión persoal e tamén nos modos de mirar, porque do entorno parte toda creación simbólica -os símbolos son sempre comúns-, inférese a capacidade de asimilación doutras linguaxes e convívese coa determinación do seu degrau de desenvolvemento técnico. Porque non é alleo o papel da sociedade galega no capitalismo occidental coa separación das mulleres da cámara.*

*O outro criterio, o feminino, ten unha vertente complexa. Por unha banda, e*

*seguindo co devandito, reflexa aspectos da función social da muller en Galicia e da súa intervención ou ausencia na fixación de referentes culturais. Pero é que, asemade, nos 150 anos de historia da foto é sobranceiro o rol da muller coma suxeito fotográfico; coma materia para a foto, e a traveso da muller formuláronse clixés ideolóxicos reductores e imperativos na foto-evasión, na pornografía, no ritual doméstico, na competitividade sexual e laboral, na beleza coma ben de troco.*

*A partir de aquí, ninguha outra cousa, agás se é fortuita ou no plano de preferir este ou aquel eido -a reportaxe, as composicións con obxectos, o serialismo, a foto construída...- vencella a esta fotógrafas. O seu traballo non é de grupo e se nunhas abrolla un detonante irreverente, outras reproducen certa teima aristocratizante; se unhas poñen o pé na rúa como temática, outras traen materiais de fóra para o laboratorio. Nalgunhas localizaríamos o rastro da estética publicitaria, dos signos mediáticos; noutras sorpréndenos a capacidade para fender os contextos normativos e arriscarse a amplia-la comunicabilidade; quizabes botemos de menos a parodia, ese fin de xénero tan patente na poética visual do feminismo dos setenta, esa boa esquerda ós morros que podería entreverse no discurso de Alejos: esas unllas pintadas de vermello, unllas cuidadas, entre rendas, que conclúen as patiñas de galo.*

*Confésovos que unha das cousas que máis me perturban nisto da foto -tanto na de mulleres como na de prensa- é a ilusión de inocencia e tamén por iso esta palabra maldita aparece a comén do texto. Pertúrbame, singularmente, esa práctica doméstica dos cumpreanos, disfraces e vacacións de vran que se acumulan nos sobres fast-food, sen tempo nin para se distribuir nun album. Pertúrbame ese empeño que temos por rexistrar o ámbito neneiro-reproductor como se foramos raíñas neso de disparar cunha instamatic. E porque esta práctica está tan xeralizada, boto de menos, nesta Bienal, unha apropiación da mesma para transgredir os seus códigos conservadores cara á ironía, tal e como fixo Cindy Sherman ó corromper os seus autorretratos nas pautas que facían identificar, ó primeiro golpe de vista, a bondade ou maldade das protagonistas do cinematógrafo nos anos cincuenta, cando se nos quixo facer desexar ser americanas, coma o leite en pó das escolas públicas, e darlle ó rock and roll seguindo a Elvis.*

*Na historia da foto, que comenza formalmente no 1839, a muller púxose primeiro a fotografar o ámbiente doméstico, como entretemento e como estatus poisque quen tiña acceso á foto era, lóxicamente, clase dominante. Puntualmente, usou a cámara para cuestións científicas na escola empírica do positivismo. As veces introduciu elementos distorsionadores no relatorio normativo burgués e pasou a ser peza singular -J.M. Cameron e a mitoloxía Artur- ou sae para a rúa e reivindícase como cidadá -as sufraxistas- ata entrar na avangarda -Meret Oppenheim- e no fotoxornalismo, nas primeiras décadas do século XX. Entón a muller-fotógrafa -escollo a Margaret Bourke White como paradigma- vaise para a URSS, fai a portada do primeiro número de LIFE (1936), é reporteira de guerra; vai a Vietnam (De Decker); a Irlanda (Spengler); a Sudamérica (Meiselas) e co seu cambio de actitude*

*fai visíbel a contradicción entre o estereotipo de muller que se quere divulgar arreo, dende os diversos medios de comunicación, e a decisión de fraguar a imaxe que quere de sí.*

*Marta Filgueira, Nieves Loperena, Isabel García, Pilar Prol, Xexé, Asunción Fernández, Marisol Rodríguez, Beatriz D. Astoreka, María Alejos unen, outravolta para nos, desexo e máis acción por entre este longo proceso de autoconsciencia, que para a ocasión lle fixemos chamar Visións-Muller* ■

*Margarita Ledo Andión.*

# HOMENAXE A MARUJA MALLO



# MARUJA MALLO

Viveiro, 1909.

Se hai algún artista do cal resulta artificioso afasta-la vida e a obra é a pintora de quen nos imos ocupar.

A vida de Maruja Mallo está penetrada pola arte e a súa pintura é o reflexo continuo do vivido. Esta interrelación imprime un caracter peculiar a calquera achegamento que se intente. Por outra banda, Maruja, como moitos artistas dos momentos fecundos non é soamente pintora, senon que cultiva múltiples artes e saberes: O debuxo, a cerámica, a decoración e o vestuario escénicos, os murais, as conferencias. Sería, pois, lóxico falar globalmente do mundo de Maruja Mallo, no que as mil facetas da súa obra e da súa personalidade brillan e relocen compoñendo un fantástico ser humano, pero a estructura dos libros de esta colección aconsella contar primeiro a andaina vital do artista e analizar despois o froito da súa creación.

Coñecín a esta muller serodiamente, pero é de admirar a súa axilidade mental, a súa prodixiosa memoria -sobre todo para os anos gloriosos-, a súa enerxía, a fluidez da súa palabra e a soltura que ainda queda no seu corpiño miudo, Maruja prefire dicir que é celta no canto de galega, pois non quere pór límites á terra en que naceu. De familia burguesa acomodada, na que non faltan artistas (Cristino Mallo, seu irmán, é escultor ben coñecido) veu a Madrid moi nova, case unha meniña, e aquí rematou, en 1926, os estudios na Escola de Belas Artes. Axiña empeza as súas viaxes: A primeira a Canarias, da que a impresionou fondamente o seu colorido, e as súas correrías madrileñas, as festas populares, os parques, os barrios baixos, as verbenas.

En 1928, Ortega y Gasset, que leva o timón da **Revista de Occidente** con rumbo innovador, coñece a obra desta mociña que non cumpríu os vinte anos e acolle nos salóns da prestixiosa revista a súa primeira exposición: Dez óleos e trinta "estampas" coloreadas. A crítica entusiásmase e a palabra **sorpresa** aparece indefectiblemente nos textos de Manuel Abril, Francisco Alcántara ou Antonio Espina. Será a única mostra que realice a Revista de Occidente, pero servíu para lanzar ó firmamento artístico un novo meteoro: Unha pintora aplicada e experta, que estudia a proporción matemática, que debuxa con man segura, que é pulcra e correcta, dotada de gran imaxinación e provista de moita ledicia, humor e ironía.

Inserta plenamente no Madrid inquieto dos anos vinte que rematan e dos trinta que comezan, discorre a vida de Maruja, vai de tertulia en tertulia: A **Revista de Occidente**, presidida por don José Ortega; a **Cruz y Raya** con Bergamín á cabeza; ó andar de Neruda, na Casa das Flores, por onde pasaban tódolos poetas americanos e madrileños. (E curioso oirlle contar cos olliños ledos ó cabo do tempo como nun espacio relativamente pequeno era posible encontrar a tantos amigos, personaxes famosos, Ramón, Federico, Dalí, Buñuel, Miguel Hernández o Vallejo, rúa de Alcalá arriba ou abaixo, dirixíndose ás reunións de café onde pontificaban). Fai excursións ós pobos de Castela a Nova da man de Miguel Hernández; asiste con Federico García Lorca ó teatro onde unha orquestra de negros fai as delicias dun público cobizoso de novidades; debuxa a portada para un libro de Giménez Caballero, **Yo, inspector de alcantarillas**; sobe ós picos de Guadarrama e recolle xaras, cardos e xestas, relaciónase cos artistas de primeira fila, Benjamín Palencia, Salvador Dalí, o escultor Alberto; únese en fonda amistade co poeta de **Marinero en tierra** (1925), **Cal y Canto** (1927) e **Sobre los ángeles** (1928), Rafael Alberti ¡Cantas influencias recíprocas! ¡Que doado establecer paralelismos! Maridaxe do popular e a vangarda que abrolla no cadro e no poema. Maruja está vivindo un momento irrepetible. Pronto iniciará en soidade os seu persoal descenso ós infernos.

Nada a arreda, pero a súa inspiración cambia, as tintas ennegrecen. Encontra no


MARUJA
MALLO
Occidente



"Máscaras". óleo/táboa. 34 x 24 cm. Museo Carlos Maside. Sada

cardo, o esqueleto, o detrito ou o farrapo os protagonistas dos seus cadros. Cambia a **festa** pola restrebeira, pasea solitaria pola Moncloa ou Rascafría en busca de residuos que logo copiará amorosamente no seu estudio; as polícromas flores de papel trócanse en polas secas e espidas, dos "majos" e "chulapas", dos burros e os touros xa non quedan máis que os seus ósos, vasuras por todas partes, espiñas de peixes e cascas de ovo.

No 1932 a Junta para Ampliación de Estudios de Madrid concédelle unha pensión. Marcha a Madrid coa súa obra ás costas, disposta a seguir adiante. Axiña a descobren os marchantes. Varias galerías lle ofrecen os seus salóns. Escolle a Galería Pierre, a que lanzara a Joan Miró e que tiña en venda varios Picassos. A segunda exposición, 16 cadros da serie de **Cloacas y Campanarios**, é ben diferente da anterior. A figura humana está ausente; só fica a súa pegada, o derradeiro resto, xa sexa pisada, galdrapo ou esqueleto; os vexetais son ingratos; a terra ten un fedor de excrementos e calaza; A expresividade agudizouse; O contraste de tintas é brutal; brancos, negros e pardos combínanse con gran eficacia.

En 1933 Maruja Mallo regresa a Madrid. A súa pintura sobrepasa os límites do cabalete e encontra no debuxo o escenario, o barro e o muro novos campos de acción. A súa volta empeza a traballar como profesora de debuxo, primeiro en Arévalo, e despois en Madrid, na escola de Cerámica, nun Instituto de Segunda Ensinanza e na Residencia de Estudiantes. En 1935 celébrase en París a "Exposición de Arte Contemporaneo Español" no museo de Jeu de Paume que adquire unha das **Verbenas**; ó ano seguinte, na primavera de 1936, cando faltan poucos meses para o estalido da guerra civil, un grupo de arquitectos e escritores funda en Madrid o Salón de "Amigos de las Artes Nuevas", inaugurado con Picasso e do que a segunda exposición será a dela.

A artista vive enfrascada en múltiples actividades: Co músico Rodolfo Halfter prepara un espectáculo plástico musical, **Clavileño**, inspirado no episodio de El Quijote, para o cal realiza as decoracións e o vestuario; e na Escola de Cerámica, fundada por Francisco de Alcántara e dirixida polo seu fillo Jacinto, cocerá unha serie de pratos na decoración onde aplica a súa gran sabiduría dos espacios e das liñas.

Chega a guerra española e Maruja sae cara a América, que percorreu de norte a sur cruzando sete veces os Andes. En 1937 fixa a súa residencia na capital arxentina, é coñecida con cariño admirativo por vellos amigos e estreita lazos de amistade con Ramón Gómez de la Serna, Falla, Jiménez de Asúa. Namentres en España quedou a loita fraticida e os vellos amigos cambiaron o seu rumbo. Será Giménez Caballero o que escriba nun xornal falanxista (Levante 21 de xullo de 1939) de Valencia estas circunstanciais palabras: "¿Como lle vai ir ben hoxe á xuventude, que só tivo ante si escenas de titáns, cobres de violencia cósmica e arrinques infindos de honorabilidade a pintura ó Marujita Mallo, con farándolas e trastos de verbena?".

Cando aínda non transcorreu un ano da súa chegada ás Sociedades de Amigos del Arte de Buenos Aires e de Montevideo invítana a dar conferencias. Os seus temas predilectos son: A persoal interpretación da historia da arte e a influencia do popular español na súa obra. Pronto lle xorden novas oportunidades de falar en público. En 1939 faino na Universidade de Santiago de Chile, onde pasa dous meses, e ese mesmo ano, en abril, estréase en Buenos Aires o poema escénico de Alfonso Reyes **Cantata en la tumba de Federico García Lorca**, con escenario e traxes creados por ela. Tres anos máis tarde, a Editorial Losada dedícalle un belo libro, **Maruja Mallo**, en edición bilingüe española-inglesa cun longo texto de Ramón Gómez de la Serna, dúas conferencias da pintora, unha sucinta biografía, a relación das súas exposicións, xuicios críticos, bibliografía e 68 ilustracións. Por certo que as páxinas de Ramón son excelsas entre as súas por mor desa sutil compenetración que se establece entre o estilo e o tema tratado: Maruja e os seus cadros son personaxes e obxetos ramonianos por excelencia.

Os poucos meses de chegar a Buenos Aires instálase, rodeada dos queridos recordos que levaba na equipaxe, de caracolas e pulidos cantos, nun andar alto da rúa de santa Fé, ledo e con boa luz, onde se entrega con afán a pintar.

Ademáis da súa actividade como conferenciante, debuxa teas, mobles, obxectos para decoración. Crea os grandes murais dun dos máis vangardistas edificios de Buenos Aires, o cine Los Angeles, e encoméndaselle algunhas portadas de revistas culturais.

Paralelamente segue coa pintura de cabalete. En 1945 presenta os seus cadros no Hotel O'Higgins, de Viña del mar; ó ano seguinte, no Copacabana de Río de Xaneiro, e ó outro lado no Plaza de Nova York; os museos das cidades por onde pasa adquiren algúns lenzos; vai a Bolivia para dar conferencias e facer unha exposición; a prensa arxentina e uruguaia ocupanse dela con frecuencia: Fíxose imprescindible nos máis inquietos ambientes artísticos de Buenos Aires e foi quen de reconstruir unha vida rota pola guerra e o exilio.

En marzo de 1950, ó cabo de dezaoito anos, volve a París e expón na Galería Silvagni (11 Quai Voltaire). No catálogo aparecen as palabras de presentación de Jean Cassou, director do Museo de Arte Moderna, que escribira co gallo da súa exposición na Galería Castairs, de Nova York, un ano antes: "O vizo creador, unha disposición permanente á invención e á poesía, un constante estado lírico" son os trazos que caracterizan á pintora Mallo segundo o crítico francés. Xornais e revistas fanse eco, con eloxio, desta exposición.

Os contactos con España reanúdanse en 1948, ó ser invitada a participar na "Exposición de Arte Contemporáneo Español" celebrada en Buenos Aires; ó ano seguinte, a librería Clan publica a edición de **Arquitecturas**, con 17 debuxos e prólogo de Cassou; en 1951 invítana á Bienal de Madrid; en 1955 inclúena entre os doce pintores contemporáneos na obra de don Enrique Lafuente Ferrari **Arte de Hoy**; en 1961 unha fugaz exposición na Galería Mediterraneo de Madrid, e o Museo de Arte Contemporánea adquire a **Estrella de mar**. Ata 1962 non regresa á patria. A partir de entón volverá repetidas veces, e en 1965 fica definitivamente.


E aquí está agora Maruja entregada con fervor a unha nova etapa da súa arte. Algunhas exposicións dos seus cadros en Barcelona, a exposición (1967) na galería Quixote, de Madrid, a súa participación nas dúas importantes manifestacións de **Multitud** (os **"Origenes de la Vanguardia Española"** e a do **"Surrealismo en España"**) a presencia no museo de dous cadros seus, non son suficientes para que a xeración nova a coñeza a fondo. Maruja Mallo está embarcada nunha nova aventura creativa. A xeoloxía e a fauna sudamericana inspíranlle novas formas, ás que gusta bautizar con sonoros nomes da súa invención: **"Almotrón"**, **"Andinave"**, **"Selvatro"**, **"Agol"**, serán os títulos dos seus vindeiros cadros que, por agora, non deixa ver a ninguén. E pintora minuciosa que traballa con lentitude, pero o seu nome non pode estar ausente no panorama actual da pintura española. Non só foi a vangarda cando Dalí, Palencia, Bores, Caballero, Alberto, Domínguez, García Lorca, Gregorio Prieto ou Moreno Vila tamén o eran; Maruja Mallo, créoo sen temor a enganarme, pode irromper de novo nas primeiras filas da pintura de hoxe, porque a súa inesgotable fantasía e imaxinación a predestinan para forza de choque.

Ata hai uns anos era moi dificil encontrar nos ambientes artístico-culturais do país un español menor de trinta e cinco anos que coñecese de Maruja Mallo algo máis que o seu nome. E sen embargo, a pintora Mallo é un dos artistas, máis representativos desa avanzada axitadora da vida española durante os dous lustros que preceden á guerra civil.

En cambio, é doado encontrar entre os amigos máis vellos, aqueles que irromperon -¡na flor da súa xuventude, naturalmente!- na rica vida cultural madrileña dos anos trinta, uns cantos que coñeceron persoalmente a Maruja e que unánimemente lembran a súa presencia e participación en múltiples manifestacións artísticas de entón.

A todos estes, probablemente, as páxinas dedicadas á inquieta e vivaz artista galega diranlle poucas cousas novas, ós outros, ós máis novos, poida que os axuden a coñecer a alguén que contribuíu con audacia e orixinalidade a arrequenta-lo panorama da cultura española do século XX. Polo menos na súa parcela máis fresca e zumenta, a que se extende á marxe das lindes académicas oficiais ■

*En **Maruja Mallo** de Consuelo de La Gándara. "Artistas Españoles Contemporáneos" editado polo Ministerio de Educación e Ciencia. Madrid, 1978.*



Agol = agua - ola - pacífico - sur. óleo/tea. Colección particular.

## "O POPULAR NA PLASTICA ESPAÑOLA"

**(A través da miña obra 1928-1936).**

*Conferencia de Maruja Mallo na Sociedade "Amigos del Arte" de Montevideo en xullo de 1937. Recollida no libro "Maruja Mallo" Edit. Losada, Bos Aires, 1942.*

A miña plástica é un proceso que evoluciona arreo, é un desenvolvemento dinámico na forma e no contido. Arrinca da arte popular española, que é a verdadeira tradición da miña patria.

O popular en España é a afirmación permanente do nacional; é á vez o máis universal, o máis elevado e o máis construído.

Realizo a miña primeira exposición en Madrid nos salóns da **"Revista de Occidente"** en maio de 1928. Suma o labor que presento dez cadros e trinta estampas. O que máis me sorprende nestes momentos está presente na miña producción: era a rúa. O que máis me atraía era o popular. A multiplicidade de seres e cousas.

A arte popular é a representación lírica da forza creadora do home, do poder de edificación do pobo que constrúe cousas de proporcións, formas e colores inventadas: creacións máxicas e medidas exactas.

As festas populares en España son manifestacións que xiran co ano. Son unha revelación pagá e expresan as discordias coa orde existente. Na arte popular, están as alternativas de España, as batallas das dúas correntes contrarias e decisivas: o monstro e a traxedia frente ó home e ó poder.

Nas festas e feiras populares, aninovo, entroido, verbenas e nadal, está gravado o impulso creador, a edificación consciente do pobo. Son a afirmación vital contra a fantasma.

Nestas datas conmemorativas reúnense as masas. O pobo toma como pretexto a mitoloxía e os santos para divertirse colectivamente. Non sente polo eclesiástico veneración ningunha, senón que fai parodias de orde celeste e das xerarquías demoníacas disfrazándose cos elementos e atributos dos seres divinos e satánicos. Reproduce paraísos gloriosos e rotas infernais.

Nada extraño é na verbena ver ós anxos cabalgar sobre un porco ou guiar os automóbiles dos carruseis. A miúdo cruzan precipitadamente as prazas de ganchete dos soldados ou corren perseguidos polos carabineiros.

Os anxos das verbenas levan coroas, ás e mantóns de papel, beben cervexa e limonada e lanzan asubíos á cara dos frades que pasean entre as xentes e arrandéanse nas barcas.

O mesmo tempo que o demo pasa espantado nun coche de punto, os sacerdotes tourean nas barracas e xiran nas noras.

Así mesmo vemos nestes ritos ou manifestacións populares como están representados satíricamente os nobres e o exército. Aparecen axigantados burlescamente reis, nobres, burgueses, toureiros, boxeadores e manolas. Todos estes personaxes teñen presencia choqueira, realidade de monifates. Pasean polas rúas verbeneiras entre a creación do pobo que constrúe carruseis e noras xiratorias, barracas astronómicas, palmas, chifros, remuiños, zambombas, guitarras e espantallos prodixiosos.

Reis, maxistrados, militares, presiden as verbenas con proporcións xigantescas, desmesuradas, de presencia terrible e grotesca, sostendo entre as mans trompetas e frautas de cartón.

Os burgueses pasean fachendosos nos coches. Os toureiros senten terror ante un touro de cartón. O boxeador quedou vencido por unha aposta de perra chica e as manolas son ridículas e desaxeitadas.

No Pin-Pan-Pum, os xenerais, as latas de tomates baldeiras, os mouros, as bombillas fundidas e sor María xiran ó redor de castelos e pazos facendo de branco ás escopetas dos mariñeiros.

Por cinco céntimos no telescopio de cartón áchanse ó alcance das nosas mans os planetas e as constelacións.

Todo o espacio está ateigado de xentes diferentes e cousas diversas.

Toda a atmósfera está inzada de sorpresas máxicas e menxases.


Entre a rotación das noras, barracas e ca-




Cercedilla





"Plástica de Cercediilla". 1934




Na illa de Pascua con Pablo Neruda


"Espantapájaros". 1931.


"Cardos y esqueletos". 1932.


"Arquitecturas vegetales". 1934.


"Arquitecturas vegetales". 1934.

rruseis, baixo un ceo de fogos artificiais, foguetes e bengalas, o pobo vive nunha constante creación formal e verbal, nunha desbordante ledicia, na expléndida fabricación de cousas totais e múltiples: Astros, cometas e paxaros, peixes e rochas, cabalos e flores, trens, aeroplanos e barcos, frautas, trompetas, chocallas, hortensias, xeranios, sandías e melóns. Entre tal universo, neste paraíso da rúa, entre as multitudes luminosas xorde a controversia representada polos sucesivos cambios de expresión; na improvisación do mascarón e a guitarra, o touro, a fantasma, o esperpento e a pomba.

Así eran as festas e feiras populares que se realizaban nas rúas céntricas e nos arredores da capital. ¡Madrid, capital da gloria, centro de España!.

A irreverencia e a gracia, o sarcasmo e a creación dunha sociedade que ascende e se enfronta á sociedade dominante convertendoa e representándoa nun mundo de fantasmas e bonecos. Nunha verbena.

O pobo de Madrid reúnese nestas datas conmemorativas mesturándose coas multitudes cercanas da capital que chegan cargadas de ramos, xoguetes, améndoas, carracas, palmas, xerras, porróns, esteiras, cestos, mobles de xunco, mazapáns construídos coas terras, os vexetais e a gracia dos pobos de Alcalá, Avila, Toledo, Colmenar, Cuenca e Tarancón.

Completan o labor que presento, os temas populares, os aeroplanos, os barcos, os trens, as figuras e elementos de deporte e campo, o cine, as máquinas e manequíns.

Os cadros analizados segue a serie de **"Estampas"**. Las **"Estampas Populares"** enlazan coas feiras e festas. Son agrupacións de cousas diversas e obxectos diferentes, narracións líricas que asocian elementos distantes, conteñen balcóns ó mar, tabernas, mesóns, pasos a nivel; outras representan sacerdotes, toureiros e manolas burlescos, pertencentes ó mundo grotesco das manifestacións populares.

As **"Estampas Deportivas"** son unha prolongación dos cadros que levan este mesmo tema; o ideal físico que atopamos polas praias e os campos de deporte. Esta humanidade serena e triunfante na natureza, no xogo e o combate contrasta coas **"Estampas de Máquinas y Maniquís"**, evocadoras da época romántica, sátiras alusivas a presencias anacrónicas, cabaleiros e damas en crise, destinxidos, protexidos por unha atmósfera de naftalina e receitas medicinais, que aparecen nos palcos da ópera e nos salóns ou fican esquecidos nos invernadeiros das provincias.

Estes interiores lúgubres habitados por damas e cabaleiros de corpos incompletos, sostidos por armaduras de ortopedia, vestidos sempre de etiqueta, auxiliados por perrucas postizas e dentes artificiais, estes personaxes encouzados de acenos esvaídos, sempre en interiores sórdidos e nunca nas azoteas foron desprazados xa polos manequíns de cera que se consumen engaiolados nas vitrinas dos escaparates lonxe da luz solar, rodeados de boquexantes ollos de cristal, rosas, violíns, anduriñas, mantos, sombreiros, luvas de loito e antefaces; naturezas mortas, realidade ilusionista alumada por farois de gas, alumada por lámpadas de acetileno. Manequíns que encontramos en tódalas cidades atordoados pola aparición da velocidade sobresaltados polas máquinas.

As **"Estampas Cinemáticas"** son sensacións visuais, a simultaneidade producida polo dinamismo da rúa. As prazas azoutadas polo terror, os mecanismos asociados e discordantes, os seres, as máquinas, os rañaceos, os anuncios luminosos, superpóñense precipitadamente mesturándose cos sucesos sinistros da vida diaria das cidades. **"Dibujos de 1929", "Figuras de Guiñol" e "Colorín Colorete",** suman vintedous debuxos e viñetas. Pertencen ós temas populares.

En maio de 1932 realizo a miña segunda exposición en París, **"Galeríe Pierre"**. Dezaseis cadros forman a serie que contén **"Cloacas"** e **"Campanarios"**, plástica que xurdíu dos arrabaldes e dos arredores de Madrid.

Nestes momentos impresionábame a natureza eliminando as vasuras, a terra incendiada e alagada. As cloacas empurradas polos ventos. Os campanarios atropelados polos temporais. O mundo das cousas que forman, co que a miúdo tropezaba polas estacións de circunvalación é a base fundamental do contido do labor daquel momento.

Sobre o chan fendido érguese unha aureola de entullos. Nestes panoramas desolados a presencia do home aparece nas pegadas, nos traxes, nos esqueletos e nos mortos. Esta presencia humana de realidade fantasmal que

xorde no medio do torbeliño das vasuras súmase ás pedras abaladas, ós espacios cubertos de cinsa, ás superficies asolagadas pola lama, habitadas polos vexetais máis agresivos. A esta natureza terrestre, a estes campos derrotados asócianse os templos derrubados, as imaxes destruidas, os traxes eclesiásticos boquexantes, as máquinas e as armas en ruínas.

Polos lugares arrasados sementados de fósiles e excrementos atopaba as pegadas impresas no barro estampadas nos vexetais desterrados.

Nos terreos abrasados de montañas calizas e fochancas de carbón están chantados espantallos, os espantallos anatomías de cravos e estacas que ostentan por cabezas penicos e vasoiras. Estas patéticas armaduras de fasquía funesta sosteñen vestimentas civís deshabitadas traxes clericais baldeiros; os farrapos abaloufados e esfiañados polos ventos.

Preto das paraxes derrotadas están as construccións derruídas, os antros de fósiles.

Encol das pedras húmidas desartéllase a harmonía dos esqueletos entre a descomposición dos bocois e guitarras. Os mapas lixados esgázanse. Baixo unha perspectiva de arcos e arañeiras, o galope do mar empurra as adegas. Na boca dos encoros deformanse os corpos dos decapitados, sobre a terra fumegante, terra onde secan as silvas e morren os cogomelos; pero onde florecen os excrementos e triunfa o lixo.

Do esterco petrificado abrollan os cardos sostendo residuos de mitras, chisteras e galdrapos. As follas fecais e retortas emigran ó interior dos zapatos desvencellados, deteñense ó borde das pegadas abertas na lama. As canles arrastran os cogomelos e as silvas sen rumbo.

O mesmo tempo que as cinsas contradín a agresividade dos lagartos que rebentan no po, os sapos estoupan nas tebras lamegas. O presaxio do corvo é víctima das sacudidas eléctricas.

Entre as superficies cargadas de elementos desbotados e vagabundos érguense as levitas espectrais orballadas de cabichas. As sotanas tripan os teitos moribundas, rodeadas de caveiras de burros.

Nas areas movedizas xacen as máquinas e as latas esnaquizadas, batuxadas de espiñas de peixe e ósos de galiña, mesturadas ás cavernas de cascas que oscilan vacilantes asociadas ás arañas e culebras que estoupan nas latrinas. Na terra están chantadas as espadas e os coitelos.

Todo está calcinado e trabado polo xofre. Tódalas cousas están enferruxadas e balorentas. Na natureza constante desta realidade sen existencia velan as sotanas e as levitas, gloria dos estropallos.

Semellantes ás cloacas son os campanarios ós que conducen as escaleiras tebregosas, as cadeas e os garfos. Os lúgubres e escanastrados campanarios trampas de fantasmas anacrónicas e roupeiros de espantallos onde os chans están sementados de palmas e coroas tripadas. Nos muros, as mesmas mans que formaron a cruz con sangue imprimiron as súas pegadas.

Nos tétricos faiados as coroas deformadas alternan coas hastas, os rabos e as vasoiras, aureolas das imaxes supraterrestres que amosan os seus nus recheos de serrín sostidos por arames crebados, corpos que foron venerados noutras datas nos altares e que se entrecruzan nas alcaiatas enferruxadas e os mantos que penduran das paredes fendidas.

Nos interiores corroídos e solitarios acaban os elementos das representacións místicas entre as pedras luídas cubertas de arañeira, entre as madeiras que se consumen esfareladas pola couza, habitadas polas ratas, anuncio das cousas sen destino.

Os chans e os muros dos templos desmorónanse ata as fochas dos sotos, elévanse cara ós teitos invadidos polos lampos e as fogueiras. Estes eran os panoramas necrolóxicos que encontraba no centro e nos vertedeiros dos arredores da capital (1929-1931).

As edificacións dos templos derrocadas, a destrucción das cloacas establecidas. A realidade máis frecuente e tanxible con que tropezaba; a agonía da superstición, a hecatombe do lixo que rola cara ós sumidoiros en procura do subsolo, ó mesmo tempo que nos fúnebres campanarios reina o estertor das representacións rituais.

Esta afirmación combativa expresada nas dúas exposicións mencionadas transfórmase na súa contraria. Así como nos temas populares, entre os múltiples seres e cousas, nas feiras e festas populares xorde a irreverencia e a paro-



Airagu. óleo/lenzo. 1975.



"Fiesta Popular (Verbena)". 1928.



"Sorpresa del Trigo". 1936.

dia ante as xerarquías celestes e infernais e o sarcasmo perante a orde existente. Así como a descomposición dos templos e a derrota das cloacas establecidas.

Esta manifestación destructora trócase no desexo de edificación, no anceio de chegar a construir de novo ese conxunto de cousas que responde á materialidade e conciencia universal; así como a arela de achar unha nova linguaxe formal para representa-la realidade coa que nos sintamos intimamente solidarios.

A miña pintura de cabalete dirixíuse ó escenario, ó muro. Incorporouse á cerámica, é dicir a tomar parte integrante na arquitectura e no labor colectivo. se a orixe da expresión é a plástica, a orixe da pintura é a decoración.

**"Arquitecturas, minerales y vegetales", "Construcciones rurales", "Plástica escenográfica"** e **"Cerámicas"** é o conxunto diverso que compón esta exposición, organizada por **"Amigos de las Artes Nuevas"** (Madrid, maio 1936).

A natureza é o que comeza a atraerme: achar unha nova orde. A orde é a arquitectura íntima da natureza e do home, a matemática vivinte do esqueleto. Na natureza clarividente e misteriosa, espontánea e construída, desprovista de fantasmas anacrónicas, analizo a estructura dos minerais e vexetais, a diversidade de formas cristalinas e biolóxicas sintetizadas nunha orde numérica e xeométrica; nunha orde vivinte e universal. O mesmo tempo que me atrae a construcción máxica dos minerais e vexetais sinto a necesidade de achar un novo idioma plástico para expresar esta mensaxe latente e inédita que me sorprende na natureza que aparece na realidade triunfante das redes e das fouces.

**"Arquitecturas minerales y vegetales"** son doce óleos que representan pedras e froitas, anatomías líricas sobre terras aradas, recolleitadas ou agrestes, son o comezo da obra empezada a fins de 1932. Seguen a estes, dezaseis debuxos: **"Construcciones rurales"** ou achádegos das miñas exploracións ós campos de Castela, onde atopo materias e formas eternas, novas realidades, novas fisiognomías humanas; bases e signos centrais ou principios fundamentais para ir construíndo a nosa fin; unha nova realidade que irá creando unha orde plástica inédita. A integración do fondo e a forma, a Unidade.

No chan de España os pobos de mar e terra dialogan cos astros, colaboran coas constelacións. Pobos de España dominadores de mar, terra e aire, heroes na natureza, edificadores de cidades. Nos campos de labor as terras aradas, sementadas, recolleitas, son manifestacións que xiran co ano como esfera de instrumentos de traballo.

As faenas, as noites e os días, compenetración de arados e lúas, de soles e fouces, graneiros e estrelas. Campos agostados e desfeitos polas xiadas onde o pan, o viño, o aceite se desbordan ata as cidades e se estenden cara ó mar. As espigas abrollan latexantes pola man do home, as oliveiras invaden os espacios pola man do home; mans que tecen, modelan, constrúen, heróicas na natureza, edificadoras de cidades.

Polas sobrias chairas de Castela sobre as eiras e as hortas, preto dos trillos e as noras están as creacións campesiñas, os graneiros e as cabanas que encerran as colleitas e as sementes; as edificacións populares ou que con frecuencia se encontran polos camiños, os pozos e os fornos, a auga e o lume, anatomías destas arquitecturas rurais.

Os muíños e as adegas, as cortes e os cortellos, solidarios do trigo, as videiras, as greas e mailos gandos, irmáns destas construccións de minerais e vexetais, natureza transformada pola maxia do home en creacións formais, en corpos inventados, como os diversos aparellos de labor e os múltiples trebellos: arados, pas, aixadas, fouces, gadañas, retrelos, forcadas, rodelos, xerras, porróns, carros, mobles e esteiras creacións de acordo cunha realidade vivinte. Pobos que levei ó plano, ós meus bebuxos de composicións harmónicas, a abstraccións vivintes, a construccións animadas. debuxos que orixinan unha plástica escenográfica ante a íntima necesidade de levar do estático ó dinámico estas naturezas e estas arquitecturas humanizadas que van do plano ó espacio tomar corpo e acción, para un teatro de expresión popular que realizo con materias vivas.

Traballos manuais que incorporo ó escenario, materia de minerais, vexetais e animais, transplantadas ós meus telóns en forma de astros e estrelas sobre terras verticais ou superficies areosas.

Terra, area, palla, xuncos, cortizas, mate-



"Figuras de Deporte". 1930.

rias cristalizadas en estructuras planetarias adheridas a chairas e outeiros.

Bouzas, espartais e restrebos.

Toros, virutas, serríns, cereais, hortalizas, xestas, esparto, la e arpilleira transformados en corpos humanos; a natureza e mailos pobos expresando un contido que encamiño nun teatro integral, onde a escenografía é creación e ciencia arquitectural, con escenarios dunha conciencia harmónica no espacio, cunha consonancia entre cada parte e o todo, compostos de superficies e corpos reais tanxibles e sólidos e onde os personaxes se moven en tódalas direccións verbo das seis caras do escenario, dando á representación vivacidade e forza dinámica, sometidos a xogos de luz e agrupacións escénicas ordenadas. O principio fundamental do teatro é adestra-lo corpo humano convertíndoo nun instrumento da creación escénica. Emprego o corpo humano como esqueleto mecánico para as miñas arquitecturas escultóricas que se moverán relacionándose coa unidade dinámica escenográfica. A entrada dun personaxe en escea é para min a presencia dun corpo coa forma, color e materia que lle corresponde e estará en relación coa organización total escenográfica, levando os personaxes cadansúa propia máscara, fixa ou móbil, sendo os elementos restantes xiratorios ou estáticos. Todo reducido a unha expresión simple, inmediata e esencial.

As vinte **"Cerámicas"** presentadas son harmonías circulares, composicións ornamentais que representan a natureza que con máis frecuencia encontro polas terras de España. O trigo, a oliveira, os bacelos, tres vexetais universais.

O touro, o cabalo, o año, tres animais constantes no chan de España; paxaros e peixes; vexetais e animais solidarios do traballo do home: elementos que reúno na miña pintura, onde están asociados o cabalo e as espigas, o touro e os acios, as olivas e os años. Cabalo e pan que responden ás terras ocres de Castela. Os touros e mailo aceite que agroman nas terras pardas de Castela a Vella e Extremadura, organismos inherentes ós trazados ordenadores das miñas **"Cerámicas"**, elementos vitais en consonancia dun rigor dialogante que realizo con formas xeométricas e numéricas, é dicir, con formas legais e colectivas porque son medibles reais ou concretas.

Redes triangulares, rectangulares, pentagonais sobre círculos son os organismos vivintes mencionados, estructuras vivas ordenadas, realidade recreada onde a lei e o contido se requiren mutuamente.


Esta presencia e ausencia humana, constante no meu labor, que aparece nos **"Temas populares"**, **"Máquinas y maniquís"**, **"Temas cinemáticos"**, **"Cloacas"** e **"Campanarios"**, **"Naturalezas humanizadas"** e **"Arquitecturas vivientes"**, son presencias máxicas que enxendran unha concepción plástica do home; son signos precursores que determinan formas humanas inéditas de acordo aunha nova concepción do universo, universo que reclama unha nova orde, formas humanas que responden á nova realidade e poidan traducirse en linguaxe.

Así é a evolución da miña pintura, produción que arrinca da arte popular do home (1928), onde a forma vai subterraneamente por debaixo da transformación da miña obra e brota en conxunción con outras realidades. **"Sorpresa del trigo"** (maio 1936) é como o prólogo do meu labor sobre os traballadores de mar e terra, compenetración de elementos materiais. O trigo, vexetal universal, símbolo de loita, mito terrenal. Manifestación de crenza que xorde da severidade e a gracia das dúas Castelas, da miña fe materialista no triunfo dos peixes, no reinado da espiga.

Paralelamente ó contido, a plástica evoluciona do realismo obxectivo (1928) á destrucción obxectiva (1932). Estas realidades visuais transfórmanse en realidade subxectiva (1936), en razón ordenadora, razón que cumpre a función de reintegrar á unidade as propiedades plásticas dun cadro.

A composición improvisada e barroca das dúas primeiras exposicións convértese nos debuxos e teatros en precisión harmónica, en harmonías dun rigor dialogante nas **"Cerámicas"** onde os trazados directores son anatomías matemáticas que serven de andamiaxe á representación, sendo recíprocamente a representación o trazado mesmo.

Resultado do proceso biolóxico dun cadro son as **"Cerámicas"** e **"Sorpresa del trigo"** onde a forma, claroscuro, color e materia responden á unidade, unidade que require incorporarse á arquitectura ■



## TEXTOS CRITICOS

**Antonio Espina: "La Gaceta Literaria". Madrid, xuño 1928.**

"Arredor da artista produciuse unha gran espectación.

A saída de Maruja Mallo ó proscenio da arte, cumpre salientalo como un suceso excepcional.

Ese carácter de excepcionalidade marcouno tamén o feito -tamén singular- de que se expuseran os cadros da nova pintora no recinto da "Revista de Occidente".

A obra de Maruja Mallo mereceuno pola alta calidade intrínseca do seu talento, por rango sicolóxico, independente das manifestacións pictóricas actuais, o que de verdade importa nela, como en calquera outro artista moderno, é a pura xenialidade, máis o xeito de dicilo.

E Maruja Mallo primeiro ten talento e despois pinta.

Maruja Mallo comenzou por crearse un mundo seu. A riqueza imaxinista a que todo isto da lugar, resulta enorme.

Maruja Mallo posúe en alto grao a facultade do lirismo plástico. O balbordo cromático non pasa de ser neles un episodio. A complexa personalidade da artista fala sempre da súa linguaxe coas inquietas cifras do seu alfabeto.

Maruja Mallo pode soster con honor a súa firme personalidade a carón das máis interesantes da pintura actual.

Porque, en definitiva, nos achamos perante un caso moi cercano a realiza-lo ideal que un notable crítico, E. de Teriade, anceia para o inmediato porvir da pintura: "*Acadar coas liberdades, as invencións, as posibilidades novas e o espírito poético en obras comparables en vigor e esencia ás das grandes épocas pasadas. Tirar leis novas da procura recente, para crear unha pintura que responda ás nosas necesidades estéticas e humanas*".

A obra de Maruja Mallo é, en suma: un acugulado "Stock" de maravillosos efectos pictóricos e poéticos. Por tanto: un guiñol de sensacións e ideas. En resume: un mundo divertido e sabio, organizado polo razoable capricho dun poeta".

**Manuel Abril: "Blanco y Negro". Madrid, 28 decembro 1930.**

Hai dous anos no firmamento pictórico de España quedamos sorprendidos ó nota-la súbita e imprevista aparición dunha estrela nova. Esta pintora que onte nos sorprendía polos seus moitos achádegos de talento, segue a sorprendernos agora porque é quen de dar á súa pintura un cambio radical e, no canto de errar, entrar por un camiño mellor, tebregoso e demoníaco -como o que percorrían os pagáns para a iniciación dos seus misterios-, e no canto de recuar ou tremer, segue coa cabeza circia e co talento indubidable polo sumidoiro fondo que leva ás entrañas da terra.

**Jean Cassou:"La Revue Hebdomadaire". París, 28 maio 1932.**

Unha artista española revélase na Galería Pierre. Trátase dunha moza moi nova, Maruja Mallo, que foi coñecida en Madrid por creacións extrañas e infantís. Despois, cambiando enteiramente de técnica e de obxetividade producíu fermosos pesadelos que revelan esa España brutal e inxuriosa. Maruja Mallo pinta os espantallos alucinados, as pegadas dos pasos no barro; ela compón poemas heráldicos onde as figuras son follas mortas e esqueletos de mans e cardos. O seu universo non retén máis que ruínas da vida, todo, todo o que é casca, caparazón, osamentas, vasuras. E este universo descarnado é pintado tamén cunha delicadeza, orixinal; todo é en brancos, negros, grises, deses grises inimitables, pódese dicir: que son grises humorísticos onde só os españois teñen o coñecemento e engaiolan polo segredo e a inalterable aristocracia.

E imposible que os cadros de Maruja Mallo non produzan sobre os amateurs singularidades poéticas e unha forte impresión. Eles non teñen esa vontade de sorpresa e mecánica que se adoita buscar entre os pintores actuais: Non, Maruja Mallo é fondamente auténtica e a súa obra onde aparece, imponse ó espíritu do xeito máis perturbador e máis vigoroso.

Dende logo, a confianza do espectador

medra cando se contemplan as grandes teas de Maruja Mallo e como se desenvolven estes temas macabros sobre vastos espacios, toman unha amplitude tempestuosa.

Tamén se admira que estes temas blasfematorios que fácilmente podían chamarse desenvolvementos literarios moi "color local", poidan aparecer espremidos á vez con tanta insolencia poética e unha discreta reserva pictórica. Toda esa violencia é do mellor tan pleno desa naturalidade e de evidencia e pleno pracer.

**Eduardo Westerdahl en "Gaceta de Arte". Tenerife, xullo 1933.**

No ano 1928 falábase en España de retorno sen terse falado seriamente das sólidas colleitas evasivas da pintura abstracta. Picasso era e continúa a ser descoñecido en España. Tódolos xóves pintores se nutren en París. Así neste ambiente aparece Maruja Mallo, cos ollos prodixiosamente limpos, dentro da obxectividade do seu tempo, nos seus expertos dezanove anos. A súa obra é concreta. Os seus temas entran por fragas de anécdotas. Preséntese unha pintura de subsolo nacional, un entronque ós valores representativos da pintura española, ó grotesco. As súas figuras definense nas verbenas (a poesía resucitaba a Góngora: Isto non o debemos esquencer).

**Julio Payró: "La Nación". Buenos Aires, 29 maio 1938.**

Era unha moza silandeira de grandes ollos inquisitivos, cobizosos de imaxes, cerrou as portas da realidade trivial para se sumir nun espectáculo metafórico da vida. Ofrecíanllo rico e abondoso, as verbenas, feiras de ilusión das prazas da capital. Alí encontraba Maruja Mallo a imaxe popular do mundo e con ela facía á súa vez imaxes que lle deron fama. Esa visión da sociedade reflexada por un dobre espello, o parabólico da fantasía plebea e o exquisitamente pulido e nacarado da súa propia mente, tiña daquel a deformación burlesca e deste a delicada poesía.


Unha vez máis na historia da pintura, a fantasía servía de refuxio extraterrenal a unha artista inconscientemente desconforme co mundo no que vivía. Tal foi a primeira etapa, a de adolescente.

De súpeto Maruja Mallo clausurou de todo os seus ollos á humaniodade presente. Por lóxica evolución deu un paso máis cara a negación desa realidade que a abafaba. Xa non procurou unha vida estilizada nas prazas rumorosas senón que a creou desorbitada e fantástica, con eses despiadados simulacros de seres humanos que son os anticuados manequíns, desacougantes conciliábulos de bonecos. Antes, durante e despois de Goya sempre se víu en España que: "O soño da razón produce monstros".

E a artista rolou: dos xocosos xigantes de verbena ós tráxicos manequíns esnaquizados; destes, a macabros espantallos abalados por rachas de furacán. En poucos meses resumíu e recreou cos seus recursos orixinais esa arte arrepiante.

Chegara ó fondo dunha ruela de dúbidas e negacións. Nun lampo de clara razón acorda. Ata entón hipnotizárase co espectáculo que a rodeaba, co presente e o pasado. Mais nunca mira cara adiante, alá lonxe con fe e esperanza nun porvir mellor. E de súpeto quixo facer unha arte na que se manifestara a súa apaixonada confianza no ser humano. Unha arte de abrente e non de barroco e romántico solpor. Unha arte sólida e xa con homes e mulleres non xa deshumanizados, nin groseiros, nin doentes, nin vencidos senón exaltados e nobres: prototipos de humanidade exemplar. A xeometría eterna inimiga do accidental, daralle en adiante certezas estéticas afanosamente buscadas ata entón. E así naceu outra Maruja Mallo. A Maruja Mallo en plena e vozosa actividade creadora que se encontra hoxe entre nos.


A Maruja Mallo do "Mensaje del Mar", de "Arquitectura Humana" e de "La Red", tre obras poderosas, tres cantos monumentais de esperanza nos cales non se sabe que valorar máis, o inquebrantable rigor do equilibrio plástico, a tersa pureza e lunar harmonía do colorido, a rotunda expresión cordial ou a sobriedade elocuente destes cuentos de gran tamaño. En síntesis claras resumíu un cúmulo de imaxes que levaba dentro dende a súa infancia. Arquitecturas humanas pola súa reconstrucción matemática e esencial refúndese na auténtica personalidade da artista española ■






Maruja Mallo y José Vázquez Cereijo


Madrid. Febrero 1984


Fotomontaxe que corresponde á Carpeta "Homenaje a Revista de Occidente" realizada dende a concepción da súa idea por Maruja Mallo en colaboración co pintor e gravador J. Vázquez Cereijo.
Contén seis litografías (da páxina 41 á 47) realizadas pola pintora, basadas nalgunhas das viñetas que para as portadas da Revista de Occidente pintou a artista nos anos vinte e trinta. Madrid, 1979.














## APUNTE BIBLIOGRAFICO


- Valdeavellano, Luis G. de: **Maruja Mallo en su carrousel** en "Gaceta Literaria". Madrid, 1 de setembro 1927.
- Pestaña Nóbrega: "La rosa de los vientos". Canarias, xaneiro 1928.
- Pérez Ferrero, Angel: "Parábola". Burgos, febreiro 1928.
- Giménez Caballero, E.: "Papel de Aleluyas". Sevilla, marzo 1928.
- Quiroga Plá, José Mª: "El Norte de Castilla". Valladolid, abril 1928.
- Suárez Solís, Rafael: "Social". Habana 1928.
- Valdeavellano, Luis G. de: **Exposición Maruja Mallo** en "Epoca". Madrid, 2 xuño 1928.
- Quiroga Plá, José Mª: "Mediodía". Sevilla, xuño e setembro 1928.
- Alcántara, Francisco: **Maruja Mallo na "Revista Occidente"** en "El Sol". Madrid, 13 xuño 1928.
- Abril, Manuel: "Revista de las Españas". Madrid, xuño 1928.
- Chabas, Juan: "La Libertad". Madrid, xuño 1928.
- Encina, Juan de la: "La Voz". Madrid, xuño 1928.
- Lorenzo, José: "Gaceta de las Artes". Madrid, xuño 1928.
- Espina, Antonio: **Maruja Mallo** en "Gaceta Literaria". Madrid, 15 xuño 1928.
- Fernández Almagro, Melchor: **Maruja Mallo** en "Verso y Prosa" (n.º 11). Murcia, xuño 1928.
- Méndez Casal, Antonio: **Maruja Mallo** en "Blanco y Negro". Madrid, xuño 1928.
- Abril, Manuel: **Maruja Mallo** en "Revista de Occidente". Madrid, xullo 1928.
- Cueva, Justo de la: "Informaciones". Madrid, xullo 1928.
- Gallego Díaz, J.: "Patria". Jáez, xullo 1928.
- Láinez Alcalá, Rafael: "La Provincia". Ubeda, xullo 1928.
- Novas Teixeira: "Ilustraçao". Lisboa, xullo 1928.
- Westedhal, Eduardo: **Maruja Mallo, la constante dramática de su pintura** en "Gaceta de Arte". Tenerife, xullo 1928.
- Pérez Ferrero, Manuel: "Revista de Avance". Habana, Agosto 1928.
- Gasch, Sebastián: "L'amic de las Artes". Sitges, setembro 1928.
- Gómez de la Serna, Ramón: **Maruja Mallo** en "El Sol". Madrid, 31 xaneiro 1929.
- Gordillo, Andrés: "La Mañana". Madrid, xaneiro 1929.
- Giménez Caballero, E.: **Julepe de menta** en "Cuadernos Literarios". Madrid, 1929.
- Zalamea, Jorge: **Maruja Mallo** en "El Tiempo". Bogotá, febreiro 1929.
- Ayala, Francisco: **Maruja Mallo** en "Alfar". Montevideo, maio 1929.
- Alberti, Rafael: **La primera ascensión de Maruja Mallo al subsuelo** en "Gaceta Literaria". Madrid, 1 xullo 1929.
- Gómez de la Serna, L.: **Originalidad de Maruja Mallo en "Popular Film".** "Cinema y Arte Nuevo". Barcelona, 15 maio 1930.
- Santeiro, José Ramón: "Alfar". Montevideo, xullo 1930.
- Encina, Juan de la: "La Voz". Madrid, setembro 1930.
- Abril, Manuel: **Maruja Mallo** en "Blanco y Negro". Madrid, 28 decembro 1930.
- Giménez, Juan Ramón: **Maruja Mallo** en "Gaceta Literaria". Madrid, xaneiro 1931.
- Torre, Guillermo de a: "Itinerario de la Nueva Pintura". 1931.
- Arciniega, Rosa: **Maruja Mallo la pintora revolucionaria, sostiene que las Escuelas, en general, son una estafa al candor público** en "Cosmópolis". Madrid, abril 1931.
- Jarnés, Benjamín: **Maruja Mallo, sobre una definición pictórica del hombre (1)** en "La Vanguardia". Barcelona, 12 abril 1931.
- Santeiro, J. Ramón: **Maruja Mallo** en "Gaceta Literaria". Madrid, 1 maio 1931.

- Olmo, Rosario del: "Mujer". Madrid, setembro 1931.

- Carabias, Josefina: **La pintora Maruja Mallo marcha a París** en "Estampa". Madrid, 14 novembro 1931.

- Giménez Caballero, E.: **Maruja Mallo** en "Gaceta Literaria". Madrid, novembro 1931.

- Waldemar, Georges: **Maruja Mallo** en "Formes". París, 1931.

- Cassou, Jean: **Une artiste espagnole á la Galerie Pierre** en "La Revue hebdomadaire" (chronique artistique). París, 28 maio 1932.

- Teriade: "L' Intransigeant". París, maio 1932.

- Fierens, Paul: **Maruja Mallo** en "Les Nouvelles Littéraires". París, xuño 1932.

- Fierens, Paul: "Les Nouvelles Littéraires". París xuño 1932.

- Garrido, P.: "La Unión". Valparaiso, setembro 1932.

- Garrido, P.: "Social". Perú, 1932.

- Garrido, P.: "Lecturas". Chile, decembro 1932.

- Otero Seco, Antonio: "Nuevo Mundo". Madrid, xullo 1933.

- Tome, Guillermo de: "Europa". Nova York, agosto-setembro 1933.

- Pérez Ferreiro Miguel: **Maruja Mallo** en "Heraldo de Madrid". Madrid, setembro 1933.

- Otero Seco, Antonio: "Norte". Asturias, 1934.

- Fornet, Emilio: "Estampa". Madrid, marzo 1934.

- Salas Viu, Vicente: "Diablo Mundo". Madrid, maio 1934.

- Ferrer, Orlando: "Grafos". Cuba, agosto 1934.

- Jarnés, Benjamín: "Literatura". Madrid, outono 1934.

- Salas Viu, Vicente: **Maruja Mallo** en "Alfar". Montevideo, maio 1935.

- Abril, Manuel: "Blanco y Negro". Madrid, febreiro 1936.

- Cassou, Jean: "L'Intransigeant". París, febreiro 1936.

- Jean, René: "Le Temps". París, febreiro 1936.

- Vegué y Goldini, Angel: **Maruja Mallo** en "La Voz". Maio, 1936.

- Palencia, Ceferino: **Maruja Mallo** en "Política". Madrid, maio 1936.

- Lafuente Ferrari, Enrique: **Otra exposición de ADLAN. Maruja Mallo** en "Ya". madrid, 29 maio 1936.

- Encina, Juan de la: **La pintura de Maruja Mallo** en "El Sol". Madrid, maio 1936.

- Abril, Manuel: **Maruja Mallo** en "Blanco y Negro". Madrid, 7 xuño 1936.

- Monet, Julián: **Maruja Mallo** en "La Epoca". Madrid, xuño 1936.

- Seral y Casas: "Diario de Aragón". Zaragoza, xuño 1936.

- Giménez Placer: "El Debate". Madrid, xuño 1936.

- Azcoaga, Enrique: **Proceso pictórico de Maruja Mallo**. Catálogo da Exposición en "Amigos de las Artes Nuevas". Madrid, 1936.

- Nelken, Margarita: Maruja Mallo en "Claridad". Xullo, 1936.

- Azcoaga, Enrique: "Grafos". Habana, xullo 1936.

- Azcoaga, Enrique: "Universidad Obrera". México, agosto-setembro 1936.

- Colmena Solís: "The Studio". Londres, octubro 1936.

- Rojas Paz, Pablo: **Busca lo humano en el Arte** en "Crítica". B. Aires, 17 febreiro 1937.

- Sayons de Alfonso: "El Río y la Recova". B. Aires, 1937.

- Caarbalho González: "Alfar" (n.º 77). Montevideo, 1937.

- Gómez, Angel: "La Voz del Interior". Córdoba (Arxentina), marzo 1937.

- Rossi, Attilio: **Maruja Mallo** en "Sur". B. Aires, maio 1937.

- Rojas Paz, Pablo: **Maruja Mallo** en "Alfar" (n.º 77). Montevideo, 1937.

- Brughetti, R.: "El Plata". Montevideo, abril 1937.

- Piquet, Adriana: "Atlántida". B. Aires, setem-

bro 1937.

- Brunet, Marta: "La Nación". Santiago de Chile, xaneiro 1939.

- Payró, Julio: **Otra Maruja Mallo** en "La Nación". Bos Aires, 28 maio 1938.

- Sayons de Alfonso: "Conducta". B. Aires, agosto 1938.

- Vergara, Marta: "La Nación". Santiago de Chile, marzo 1939.

- Papier, Sara: "Claridad". B. Aires, abril-maio 1939.

- Sayons de Alfonso: "Conducta". B. Aires, setembro 1939.

- Payró, Julio: **Maruja Mallo** en "Sur". B. Aires, setembro 1939.

- Colle Elío, M.A.: "La Defensa". B. Aires, setembro 1939.

- Córdova Iturburu: "Orientación". B. Aires, setembro 1939.

- Undurriaga, Antonio de: "Acento" (n.º 4). Valparaíso.

- Undurriaga, Antonio de: "La Nueva Democracia". Nova York, octubro 1939.

- Córdova Iturburu: "El Trabajo". Mar de Plata, octubro 1939.

- Córdoba Iturburu: **Una inteligencia a la caza de la armonía: Maruja Mallo** en "Los Jueves de El Sol". B. Aires, 9 novembro 1939.

- Lucientes, José: "Mundo Uruguayo". Febreiro 1940.

- Jarnés, Benjamín: "Cartas al Ebro". México, xuño 1940.

- López Rey, J.: "Escuela Española de Middlebury" (Northampton, Mass). Smith College, 1940 e 1941.

- Babin, Teresa: **Maruja Mallo** en "Revista Hispánica Moderna". Universidad de Columbia. Nova York, xaneiro-abril 1942.

- Gómez de la Serna, Ramón: **Maruja Mallo** en Editorial Losada. B. Aires 1942.

- López Chas, Abel e J. Zemborain, Federico: **Cine "Los Angeles". Panel decorativo del hall**. en "Revista de ARQUITECTURA". B. Aires, marzo 1946.

- Cassou, Jean: **Maruja Mallo**. Arquitecturas (Colección "Artistas Nuevos", n.º V). Madrid, 1949.

- Lafuente Ferrari, Enrique: **Arte de Hoy** en Editorial Cantalapiedra. Santander, 1955.

- Gómez de la Serna, Ramón: **Otros retratos** en Editorial Aguilar. Madrid, 1961.

- Morris, C.B.: **Surrealism and spain 1920-1936.** Cambrigde University Press, 1972.

- Castro Arines, José de: en "Voz Mallo" da "Gran Enciclopedia Galega". Tomo XX, 1974.

- Losada Gómez, María Jesús: **Maruja Mallo** en "Bellas Artes" (n.º 35). 1974.

- **Orígenes de la vanguardia española: 1920-1936**. Galería Multitud. Madrid, 1974.

- **Surrealismo en España**. Galería Multitud. Madrid, 1975.

- Areán, Carlos: Prólogo ó Museo Español de Arte Contemporánea. Guía Catálogo. Madrid, 1975.

- Gándara, Consuelo de la: **Maruja Mallo** en "Arte y Pensamiento" de "Cuadernos Hispanoamericanos" (n.º 310, con ilustración de portada). Madrid, abril 1976.

- Bonet, Juan Manuel: **Maruja Mallo** en "El Pais". Madrid, 30 xaneiro 1977.

- Gándara, Consuelo de la: **Maruja Mallo** en "Artistas Españoles Contemporáneos" editado polo Ministerio de Educación e Ciencia. Madrid, 1978.

- Huici, Fernando: **Quince pintores originales (1900-1948)** en "El Pais". Madrid, 8 xuño 1978.

- Carpeta **Homenaje a Revista de Occidente** en Litografías orixinais de Maruja Mallo en colaboración co pintor e gravador J. Vázquez Cereijo. Madrid, 1979 (200 exemplares numerados).

- Sobrino Manzanares, Mª Luisa: "Arte do Século XX" de "Historia de Galicia" (Tomo II) de Editorial Planeta. Barcelona, 1980.

- Torralba Soriano, Federico: "Pintura" de "Historia del Arte Hispánico. El siglo XX" (Tomo VI) de Editorial Alhambra. Madrid, 1980.

- Vicent, Manuel: **Maruja Mallo, la diosa de cuatro brazos** en "El Pais". Madrid, 12 setembro 1981.
- Holgado, Francisco P.: "Pintura" de "Plástica Gallega" editado pola Caixa de Aforros de Vigo. Vigo, 1982.
- Sobrino Manzanares, Mª Luisa: "La Edad Contemporánea" de "Historia del Arte Gallego" na Editorial Alhambra. Madrid, 1982.
- Caruncho, Luis: "Mujeres en el Arte español 1900-1984". Centro Cultural Conde Duque. Concello de Madrid, 1984.
- García de Carpi, Lucía: "La pintura surrealista española (1924-1936)". Editorial Istmo. Madrid, 1986.
- Santa Cecilia, Carlos G.: **La vida exagerada de Maruja Mallo** en "El Pais". Madrid, 23 xullo 1989.

Ademáis ocuparonse desta artista as revistas e diarios:

### BUENOS AIRES:

- "La Nación", xuño 1937.
- "La Prensa", decembro 1939.
- "Atlántida", xullo 1937 e octubro 1939.
- "Noticias Gráficas", febreiro 1937, xuño 1937 e agosto 1938.
- "El Mundo", febreiro 1937 e xuño 1937.
- "Crítica", febreiro 1937, xuño 1937, febreiro 1938 e xaneiro 1939.
- "El Diario", febreiro 1937 e xuño 1937.
- "La Nueva España", xuño 1937 e octubro 1937.
- "Unidad", octubro 1937.
- "Pan", agosto 1938.
- "España Republicana", octubro 1939.

### MONTEVIDEO

- "El Plata", abril 1937 e xaneiro 1942.
- "Mundo Uruguayo", abril 1937 e setembro 1941.
- "La Mañana", abril 1937.
- "Mentor", octubro 1939.
- "Labor", abril e maio 1940.
- "El Día", xaneiro 1942.
- "La Tribuna Popular", xaneiro 1938.

### SANTIAGO DE CHILE

- "La Nación", xaneiro 1939.
- "Ercilla", xaneiro 1939.
- "Popular", xaneiro 1939.
- "España Nueva", xaneiro 1939.

### HABANA

- "Grafos", novembro-decembro 1937 e xaneiro-febreiro 1939.

### MEXICO

- "El Nacional", agosto 1939.



# Mª ANTONIA DANS

Oza dos Ríos (Curtis), 1927 - Madrid 1988.

"Nome de excepción entre a pintura feminina dos últimos vinte anos, Mº Antonia Dans é unha pintora galega que pinta o que coñece; o campo, a xente, as cores e as luces da súa terra. Residente en Madrid dende 1.952, a súa retina nunca esqueceu as impresións que primero víu, e máis fortemente retiveron. A cor como expresión, como medio e como fin, domina unha obra que foi considerada pola crítica como unha das máis personais, máis orixinais e autónomas da pintura española contemporánea.

Refinadamente popular, cultamente naif, cerebralmente espontánea, María Antonia Dans seguíu un camiño artístico persoal e intransferible, mirando a dereita e esquerda só o necesario para coñecer por onde ían os "ismos" e recoñocerse na confrontación. Loitadora infatigable, se ós problemas alleos a todo artista sumanse o que unha muller en determinado tempo e lugar levou aparellados, teremos a biografía dunha artista que ademáis é "woman lib" antes de que o térmo se inventase.

Dende a súa primeira exposición en Madrid, na sala Alcor, ata a última da Galería Biosca, en 1973, que a crítica acolleu calurosamente como a súa consagración, un longo percorrido cheo de éxitos nada fáciles. Actualmente, con 38 exposicións individuis no seu quefacer, numerosas colectivas en Europa e América, premio da Vila de París en 1963, e obras nas máis importantes coleccións, así como no Museo Nacional de Arte Contemporánea e no de B. Aires, Mº Antonia Dans pode despoñe-las lanzas polos laureis."

*En **Mª Antonia Dans** de Juby Bustamante. Artistas españoles contemporáneos. Servicio de publicacións do Ministerio de Educación e Ciencia de Madrid, 1974.*

"... O tema para min non é importante en si. Unicamente en canto contén os elementos precisos para ser vistos plásticamente. O que me interesa é o contido, sen necesidade de contar nada concreto, pola simple relación entre as figuras, polo modo de emprega-la cor, pola oportuna deformación do debuxo, procuro deixar patente cando menos para un amplo grupo de persoas, incluso un determinado sentido da vida e dende logo unha especial poesía, se esta palabra se entendese ben..."

*Entrevista concedida a A. González en "La Nueva España", 16 de setembro de 1969 recollida no libro **"María Antonia Dans"** de Ana Mª Arias Cossío, editado polo Servicio Central de Publicacións da Xunta de Galicia, 1985.*

dans



"Mujer con quesos". óleo. 103 x 122 cm.



# Mª VICTORIA DE LA FUENTE

Vigo, 1927

**EXPOSICIONS INDIVIDUAIS:**

- Sala do Ateneo, Madrid. Exposición pola que se lle concede o Premio da Crítica (1963), instituido para premia-la mellor exposición da temporada.
- Galería Biosca, Madrid.
- Camarote Granados, Barcelona.
- Sala Benedet, Oviedo.
- Caixa de Aforros, Avilés.
- Sala Décar, Bilbao.
- Caixa de Aforros, Vigo.
- Sala Torques, Santiago de Compostela.

**EXPOSICIONS COLECTIVAS**

- XXXII Bienal de Venecia
- "Jünge Spanische Mahler", Austria, Italia.
- "Veinte Años de Pintura Española", Sevilla, Barcelona, etc.
- "Salon Fémmin", Museo de Arte Moderna, París.
- "Joven Figuración en España". Saint Louis, Missouri, U.S.A.
- "Mestres Galegos da Pintura Actual". Museo Castrelos, Vigo.
- "Panorama da Pintura Actual", Museo de Arte Contemporánea. Madrid.
- "50 Años de Arte Gallego", Sala Torques, Santiago de Compostela.
- "Homenaje a Picasso". Barcelona.
- "Madrid visto por sus Pintores", Madrid.
- "Mujeres en el Arte Español". Centro Cultural Conde Duque, Madrid.
- "Fondos del Museo de Arte Contemporáneo de Madrid". Centro Cultural Conde Duque, Madrid.
- "Homenaje al Cubismo", Facultade de Belas Artes de Madrid.

**PREMIOS:**

- Premio da Crítica (1963)
- Premio de "Pintura Abril".
- Premio "Familia Española".
- Medalla de Ouro no Certame Nacional de Puertollano, Ciudad Real.
- Bolsa March, coa que percorre Francia, Holanda e Bélxica.
- Terceira Medalla na Exposición Nacional de Belas Artes, Madrid, 1966.
- Segunda Medalla na Exposición Nacional de Belas Artes, Madrid, 1968.

Obras súas figuran no Museo Español de Arte Contemporánea, Madrid; Museo de Puertollano Ciudad Real; Museo Castrelos, Vigo; Museo Ayllón, Segovia; Museo de Villafamés, Castellón e Museo do Alto Aragón, Huesca.

**BIBLIOGRAFIA BASICA**

"Arte de Hoy, Arte del futuro" (Manuel García Viñó, Ibérica Europea de Ediciones).
"Artistas Contemporáneos en España" (Raúl Chávarri, Ed. Gavar).
"Galicia" (Ed. Nogué). 1976.
"María Victoria de la Fuente" (Manuel García Viñó, Ed. Dirección Xeral de Belas Artes). Madrid, 1973.
"Pintura Española Neofigurativa" (Manuel García Viñó, Ed. Guadarrama). Madrid, 1968
"La Pintura Española" (Carlos Arean).
"El Arte y el Hombre" (Primera Edición). 1967
"Pintura Reciente en España" (Carlos Arean). Madrid 1971
"Gran Enciclopedia Gallega" (Xosé María López Vázquez). Tomo XIV, 1974
"El Expresionismo" (Carlos Arean).
"La Pintura en Galicia" (Fernando Mon).

Mª Victoria de la Fuente



"Cesto setas". óleo. 90 x 80 cm.



# ELENA COLMEIRO

Silleda, 1932

Motu proprio

Elena Colmeiro



S/T. carburo de silicio/óxido. 45 x 25 cm.



# MERCEDES RUIBAL

Xeve, un ano calquera.

**MERCEDES RUIBAL, PINTURA EN VERSOS PARA CANTAR CON GAITA GALEGA**

Esta es Mercedes Ruibal de la risa,
esta es Mercedes Ruibal del diablo.

La de la burla con aire de gaita,
la de los cuentos con patas de sátiro.

De la entrepierna le sale una escoba
con la que vuela a la Luna a caballo.

Sueltan sus ojos centellas de bruja,
trasgos y duendes despiden sus manos.

Tiene la audacia del agua que enfila
la desvergüenza desnuda de un cántaro.

Si te la encuentras de noche a deshora,
ruega a la Virgen y a todos los santos.

Puede enterrarte en el mar o en la tierra
bajo las ondas del viento galaico.

Puede llevarte a un infierno de gracia
o a un cielo abierto de flores y pájaros.

No le preguntes jamás lo que nace
de los colores que acunan sus brazos.

Mira en silencio. La burla que ríe
puede ser sombra ceñida de espanto.


cuerpo presente de un mundo que pena,
sangre amarrada de un ajusticiado.

rostro de un niño que inmóvil aguarda
suba la aurora de un sol en ocaso.

Esta es mercedes Ruibal en el ángel
esta es Mercedes Ruibal en el diablo.

Rafael Alberti (Roma, 1974)

M. Ruibal



"Amor libre". óleo. 62 x 129 cm.



# ELENA F. GAGO

A Coruña, un despistado ano.

..."En Coruña desenvolve a súa vida e a súa arte. Foi educada nunha comprensiva liberdade estimulante que lle permitíu o desenvolvemento da súa personalidade. A súa curiosa espiritualidade inqueda e a atracción por plasma-lo espectáculo da vida levarona ó cultivo da arte pictórica dende moi cativa.

